

## FICHA: SANTIAGO DE LIGONDE

Sección de Historia do IEU

*Se dice que el santo apóstol Santiago le había pedido a Cristo que todo aquel que viniese con esfuerzo al territorio que le había sido asignado como su lote, y a su tumba santa, no fuese juzgado por sus pecados, sino librado del fuego y de los tormentos eternos (F. Buide del Real, "Santiago, un siglo de cuestión jacobea" en in "Compostellanum" 55 (2010) 435-502.*

Santiago de Ligonde é resonado por ser un dos fitos polos que atravesaba o camiño de peregrinación coñecido como Camiño Francés de Santiago. Sen embargo, a historia do lugar remóntase moitos milenios atrás tal como testemuñan a presenza de abundantes túmulos megalíticos repartidos polo seu territorio.

Pois ben, comeza a parroquia de Santiago de Ligonde (seguindo o Camiño Francés) no lugar de Pena Godón, despois de pasar un campo de medorras no monte que separa Salgueiros de Ventas de Narón. Pena Godón ou *Cotonis* (hoxe coñecida como Pena da Lebre, 750 m.) é un sitio sobre o que se conservan varios documentos no Tombo do Mosteiro de Ferreira de Pallares e no que nas inmediacións apareceron distintos vestixios arquitectónicos os cales, en unión a topónimos como Hospital, Fonte do Hospital, etc., acreditan que noutrora existiu unha alberguería (Pepe do Cabo).

O primeiro núcleo habitado co que se atopa o viaxeiro é A Previsa, que facendo homenaxe ao seu nome volve servir como establecemento público para proveerse de alimentos e bebida despois de varias décadas nas que deixou de ser a taberna do camiño na que se servían os viños do Ribeiro. Para aqueles que non gustaban das delicias do líquido de Baco aínda se conserva a esquerda da vía a Fonte da Previsa, xusto no cruzamento do Camiño Francés co chamado Camiño dos Aguardienteiros. O seguinte núcleo habitado é Os Lameiros. Alí consérvase unha casona ou pazo formado por dous corpos en ángulo. Na fachada principal exhibense as armas dos Varela, os Ulloa, os Piñeiro, os Rivera e os Gayoso. Nas inmediacións áchase a capela en cuxo fronte radican as insignias heráldicas dos Traba, Piñeiro, Gayoso e Seixas. Uns metros distante está o cruceiro propiedade da mesma casa coa inscrición DON ARES ULLOA ME FECID (mandoume construír don Ares Ulloa).

Se seguimos o camiño de peregrinación, de seguida nos atopamos coa aldea de Ligonde. Malia que historicamente foi un poboado adicado e volcado na ruta xacobea, como demostran topónimos como A Forxa, A Bodega, O Zapateiro, A Zapateira, O Costureiro, etc. vai perdendo tal esencia, unhas veces motivado polo paso do tempo e outras debido a algunhas accións, cando menos desatinadas. Ligonde contou con alberguería propia, denominada ata o século XX como "hospital", cemiterio de peregrinos, lugar onde exculpar/conmutar/elidir a pena e mesmo cárcere do que só queda o topónimo As Torres.

Do antigo hospital non quedan máis que algúns documentos espallados por distintos arquivos a través dos que coñecemos que dependía dos Ulloa que eran os que sufragaban os gastos de mantemento. Entre os estudosos que lle adicaron un pedazo do seu tempo existe a polémica sobre a súa situación. Dende Vázquez Seijas

que identificou erradamente o lugar no que se erguía o hospital un bo número de historiadores continúan trazando mal o seu lugar orixinario que non era outro que o punto no que hoxe se ergue a Casa do Correo, aínda coñecida polos veciños como Casa do Hospital. Nunha recente reforma nunha casa lindeira apareceu un pequeno tramo dun fuste de columna que ben podería ter pertencido ao oratorio do hospital, máis esto non é máis ca unha hipótese.

No medio da aldea aínda permanecen en pé uns muros cos escudos dos Ulloa, Montenegro, Traba e os Varela. Esta foi a casa na que se hospedou Carlos I o 24 de marzo de 1520 cando se dirixía á Coruña para ser investido como emperador. Dende aquela gozou do dereito de asilo.

Na marxe dereita en dirección a Santiago atópanse Os Castros de Ligonde, trátase dun reducto castrexo plural do que aínda se conservan as súas murallas e diversas partes que o conformaron. Conserva ara de sacrificios nunha das murallas do castro. Téñense atopado restos de escouras de ferro, ladrillos, mármore foránea e muíños de gran.

A uns oitocentos metros de distancia atópase a aldea da Eirexe alí érguese o templo parroquial de nave rectangular, muros de cachotería e cadeirado de gran. Posúe cuberta de lousa a dúas augas. Conserva da construción románica o arco toral.

Nun lateral atópase unha laxa que foi calificada por Vázquez Seijas como tímpano, aínda que as dimensións da mesma desboten esta hipótese. Delgado Gómez calificouna como o lateral dun enterramento prerrománico no que se pode apreciar a Daniel no foxo dos leóns. Esta afirmación correbórase coa achádego no campo santo dos fragmentos do que podería ser a tapa de tal sartego.

Outras pedras interesantes que constituiron enterramentos son a que se acha debaixo da porta principal coa insignia dunha orde militar grabada e a que está próxima ao presbiterio cos motivos dos Varela, Piñeiro e Ulloa.

Afastado do seu lugar orixinario que non foi outro que o camposanto malia ter sido atopado no século XX nunha chousa está o sartego pétreo medieval que serve de pía de auga para a aldea de Eirexe.

#### BIBLIOGRAFÍA

*Boletín de la comisión de monumentos de Lugo*. Papeleta 144. Iglesia parroquial de Santiago de Ligonde.

DELGADO GÓMEZ, Jaime (1993), *El Románico en la provincia de Lugo*. A Coruña: Hércules.

GÓMEZ ALVITE, María José (2008), *Ligonde en el camino francés de Santiago*. Concello de Monterroso.

GÓMEZ VILA, Javier (2006) *Vías romanas de la provincia de Lugo* (tese doutoral USC), pp. 231.

MÉNDEZ VÁZQUEZ, C. (1993), *Castros de Monterroso*. Lugo. Alvarellós.

VÁZQUEZ SEIJAS, M. (1967) *Fortalezas de Lugo y su provincia*. Servicio de publicaciones de la Diputación provincial. Lugo.